

APERTANDO O AR

Cómo doe o amor; extrañote máis que nunca e non sei qué facer... quérote tanto que as veces non podo respirar, e dende que non estás teño moito frío, porque apertar ó vento non quece o meu corazón.

Dichesme a vida, e eu a daría por ti; ti e-lo máis fermoso que teño e que xa non podo ter... Esta persoa que son non ten valor en si mesma; eu non son ninguen sin a muller que me moldeou paseniño, con ollos pacientes e observadores, con mans firmes e tenras, con escoita atenta e sabios consellos... a maior das sinxelezas que nunca vira, e que nunca verei en ningures,... a túa.

Doeme a vida sen ti, porque a razón ten argumentos que o corazón non entende... Pregueille a Deus porque ficaras connigo, porque o continuar da túa vida era o continuar da miña. Pedínlle por ti, pero para min; porque dándote a ti unha oportunidade mais Él dábase a min todos os meus desexos nun só. Ti. Pero xa estabas moi cansa, e a túa loita rematou, marchando discretamente, como sempre.

Aquí e agora digolle a Deus GRAZAS. Nestes intres, antes de seguir loitando por respirar sin ti estes segundos que lle vou rabuñando a esperanza, teño que decir GRAZAS, porque non só puiden coñecerte, no só puiden quererte, o mellor que teño nesta vida e ser filla túa.

Ti e-lo mellor regalo da miña vida, e aínda que voltase a nacer mil veces, nunca acadaría a ser o que ti fuches. Aprendichesme o que é o amor verdadeiro. O meirande amor do mundo, o teu e o meu...

O de nai e filla.

Queróte, mamá.